



O PRESIDENTE "sobre o futuro;

Esta nova sede non só representa un avance en termos de infraestrutura; simboliza o noso crecemento, a nosa proxección cara ao futuro e o compromiso"

PÁXINA 2

A NOSA HISTORIA

Dano Cerebral A Coruña é unha entidade sen ánimo de lucro que nace no ano 2000, da man dun grupo de persoas afectadas por DCA.

PÁXINA 3

TRABALLO EN REDE

A nivel galego forma parte de Dano Cerebral Galicia composta polas 5 asociacións de atención ao Dano Cerebral que hai en Galicia.

PÁXINA 6



PÁXINA 4 | MODALIDADES DE ATENCIÓN

DÍA NACIONAL DO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO



PÁXINA 11

Con motivo do DÍA NACIONAL DO DANO CEREBRAL, fixemos unha marcha solidaria dende a praza de María Pita, con modalidade de carreira ata a Torre de Hércules e de andaina ata o Castelo de San Antón.

PUXEMOS A PRIMEIRA PEDRA



PÁXINAS 8-9

Demos un paso máis cara á construción dun soño que cada día está máis preto de facerse realidade: o novo Centro de Atención ao Dano Cerebral en A Coruña

OBRA DE TEATRO

O noso grupo de teatro "Neurotol@s", demostrou que a arte escénica é unha poderosa ferramenta de inclusión e expresión.



PÁXINA 10

A Xunta Directiva é o órgano encargado de definir a estratexia e velar polo cumprimento da nosa misión.

A Xunta leva a cabo o seguimento da estratexia que debe seguir a asociación establece os obxectivos e toma as decisións necesarias para que se cumpran.

Este órgano reúnese periódicamente coa dirección do centro. A partir deste intre, o equipo profesional é coñecedor das prioridades, tanto estratéxicas como operativas, cara ás que canalizar os seus esforzos e actividades diarias.

PRESIDENTE

Juan Luis Delgado Fernández

VICEPRESIDENTA

Luisa Ramírez Nisa

SECRETARIA

María Goretti Calvo Martínez

TESOUREIRA

Manuela Candal Garaboa

VOCALIS

María Eugenia Regueiro Caaveiro

Juan José Rodríguez Salgado

Jesús Couto Álvarez

SOCIOS, FAMILIARES E COLABORADORES

No ano 2024 Dano Cerebral A Coruña contou con 535 socios dos cales 332 son persoas afectadas por DCA, 145 son familiares, 45 colaboradores e 13 son empresas.

USUARIOS

Foron 170 o número de usuarios por atención ambulatoria. 52 en modalidade de centro de día e 2 usuarios en Terapias Intensivas.

“

A NOVA SEDE NON SÓ REPRESENTA UN AVANCE EN TERMOS DE INFRAESTRUCTURA; SIMBOLIZA O NOSO CRECEMENTO “



Estimados socios e socias, familiares e profesionais:

É para min unha honra dirixirme a vós un ano máis, no marco desta memoria anual, coa satisfacción de compartir os avances, desafíos, logros e transformación que vivimos como asociación durante o último período.

Entre todos os fitos acadados, hai un que destaca de maneira especial: o inicio da construción da nosa nova sede. Despois de anos de planificación, diálogo, xestións administrativas e esforzo conxunto, finalmente comezamos a ver materializado un soño longamente anhelado polas persoas afectadas por dano cerebral adquirido e as súas familias.

Esta nova sede non só representa un avance en termos de infraestrutura; simboliza o noso crecemento, a nosa proxección cara ao futuro e o compromiso firme de ofrecer un espazo digno, accesible e funcional para o desenvolvemento das nosas actividades. Será un punto de encontro, participación e identidade para todas e todos.

Quero agradecer fondamente a quen foron parte activa deste proceso: dende as autoridades locais, as entidades colaboradoras polo seu apoio real, ata o resto das institucións cuxo compromiso de colaboración vai facer posible dar este importante paso.

Sabemos que aínda queda camiño por percorrer. O proceso de construción traerá consigo novos retos, pero estou convencido de que, co esforzo colectivo e a vontade que nos caracteriza, lograremos culminar este proxecto con éxito.

Ao principio da carta falaba de transformación, e é que un dos fitos máis importantes que quero compartir con vós é o cambio de nome da nosa asociación. Despois dun proceso de reflexión profunda, análise estratéxica e diálogo coas 49 asociacións de España, decidiuse adoptar un novo nome, a nivel estatal, que represente con maior fidelidade a nosa misión, os nosos valores e a nosa visión de futuro.

A partir de decembro de 2024, a nosa asociación pasa a chamarse *Dano Cerebral A Coruña*, deixando atrás o nome anterior, *ADACECO*, que nos acompañou dende os nosos inicios. Este cambio responde ao desexo de renovar a nosa identidade institucional, adaptarnos aos novos tempos e proxectar con maior claridade o impacto social que queremos acadar.

Queremos enfatizar que este cambio de nome non modifica a nosa esencia nin o noso compromiso coas causas que nos inspiran. Seguimos sendo a mesma asociación activa, dedicada e apaixonada que traballa cada día pola prevención, a rehabilitación, a integración e a mellora da calidade de vida das persoas afectadas por dano cerebral adquirido e das súas familias.

Agradezo profundamente a todas as persoas que formaron parte deste longo ano de evolución: aos nosos socios e socias, pola súa confianza; aos nosos profesionais, pola súa entrega; e aos nosos aliados, polo seu apoio constante. Convidámosvos a seguir camiñando con nós nesta nova etapa que comezamos con entusiasmo e renovada enerxía.

DANO CEREBRAL A CORUÑA

O Dano Cerebral Adquirido (DCA) é unha lesión repentina no cerebro. Caracterízase pola súa aparición brusca e polas secuelas que presenta, segundo a área do cerebro lesionada e a gravidade do dano. Esta lesión pode ser provocada por: Un ICTUS (accidente cerebrovascular) un TUMOR, ANOXIA (falta de osíxeno no cerebro) ou outras enfermidades. Cando se produce un dano cerebral, xeralmente hai un cambio repentino do estado de consciencia, cuxa gravidade e duración é variable. Pode ir desde unha confusión mínima en tempo e contido, ata un estado de coma profundo ou vexetativo persistente nos casos mais graves. O que sempre se produce é unha alteración das funcións cerebrais, podendo causar perturbacións na vida cotiá, a nivel persoal, familiar, académico social, profesional etc., causando tamén importantes secuelas no plano cognitivo, psicolóxico, físico, sensorial ou funcional.

A NOSA HISTORIA

Dano Cerebral A Coruña é unha entidade sen ánimo de lucro que nace no ano 2000, da man dun grupo de persoas que buscaban recursos para os seus familiares, persoas afectadas por DCA, xa que o sector público non cubría as necesidades do colectivo.

MISIÓN, VISIÓN E VALORES

A NOSA MISIÓN

Traballar por e para as persoas afectadas de dano cerebral adquirido e para as súas familias, contribuíndo a mellorar a súa calidade de vida a través dunha atención interdisciplinar.

A NOSA VISIÓN.

Queremos mellorar a túa calidade de vida e a da túa familia. Para iso pretendemos ser a entidade sociosanitaria de referencia especializada en Dano Cerebral Adquirido na Coruña e a súa área de influencia sanitaria.

OS NÓS VALORES.

COMPROMISO, porque traballamos para satisfacer as túas necesidades.

EMPATÍA, porque nos poñemos no teu lugar para saber o que necesitas.

ESPECIALIZACIÓN, porque os nosos profesionais están continuamente formándose en DCA.

DIGNIDADE, porque cremos que unha vida salvada merece ser vivida dignamente.



ATENCIÓN AMBULATORIA

Atención integral ás persoas afectadas por DCA e as súas familias que combina e integra multitude de disciplinas, ofrecendo un tratamento rehabilitador, actividades complementarias, lecer e tempo libre. Durante o ano 2024 tivemos as seguintes terapias rehabilitadoras:

- FISIOTERAPIA NEUROLÓXICA
- TERAPIA OCUPACIONAL
- PSICOLOXÍA SANITARIA
- LOGOPEDIA
- TERAPIAS INTENSIVAS EN NEURORREHABILITACIÓN

CENTRO DE DÍA

Levamos ofrecendo este servizo desde o 24 de maio de 2010, ofrecendo un tratamento rehabilitador, actividades complementarias, lecer terapéutico, estimulación socioafectiva, de relación social, de respiro familiar, en modalidade de estancia diúrna. As persoas que reciben atención no Centro de Día asisten de maneira continuada ou tamén en días soltos e conta con servizo de comedor para aqueles que así o desexen.

Durante o ano 2024, beneficiáronse do noso centro de día 52 persoas, das cales 25 foron homes e 11 mulleres. A media de idade foi de 66 anos

SERVIZOS

TRABALLO SOCIAL



O traballo social é a entrada na Asociación e ademais, é clave porque desde aquí acompáñase aos familiares das persoas afectadas en todo momento.

NEUROPSICOLOXÍA



É a área da psicoloxía que estuda a relación entre os procesos mentais e conductuales do cerebro. Desde este servizo faise unha avaliación onde se analizan as funcións mentais

Durante o 2024, foron atendidas 232 familias distintas, 125 primeiras entrevistas presenciais e 57 persoas foron informadas por tlf/mail"

Dentro da área de neuropsicoloxía foron 174 as persoas atendidas das cales 78 foron mulleres e 96 homes" fronte as 119 do ano 2023

TERAPIA OCUPACIONAL

É unha disciplina que persegue conseguir o maior grao de independencia funcional e automomía de cada usuario/a e así mellorar a súa calidade de vida e a da súa familia.

En primeiro lugar realízase unha avaliación funcional na que se identifican as capacidades e dificultades que ten a persoa para interactuar coa contorna de forma autónoma. Tamén levan a cabo sesións de Psicomotricidade, o obxectivo é favorecer o desenvolvemento de **habilidades motrices** (mobilidade,coordinacion...) **cognitivas** (memoria, atención) **perceptivas** (esquema corporal,..) e/o **sociais**; através do movemento e o xogo.

TERAPIAS INTENSIVAS

Este programa leva a cabo desde a áreas de fisioterapia e terapia ocupacional. Consiste nun tratamento de alta intensidade, no que condensan un gran número de horas nun curto período de tempo.

O obxectivo principal é mellorar a funcionalidade e aumentar ao máximo a calidade de vida das persoas con DCA.O protocolo estándar de intervención consiste en 6 horas diarias de tratamento durante 10 días consecutivos, aínda que esta frecuencia pode variar para adaptarse ás características específicas de cada persoa. Para darlle maior riqueza ao tratamento desenvólvese en diferentes ambientes, (no domicilio da persoa afectada, na súa contorna e nas salas da Asociación)

LOGOPEDIA

A logopedia céntrase no tratamento de trastornos do fala e linguaxe,xunto cos problemas de deglución. En persoas con DCA as principais áreas de traballo son a avaliación e rehabilitación da disfagia, disfonía, disartria, afasia e os trastornos pragmáticos da comunicación

FISIOTERAPIA

A fisioterapia neurolóxica é un tipo de rehabilitación funcional que busca minimizar os déficits de cada usuario, así como facilitar a súa reintegración biopsicosocial

TRANSPORTE

O servizo de transporte adaptado está destinado a ofrecer unha alternativa para as persoas usuarias que non poden desprazarse ao centro de ADACECO de formas autónoma.



96

persoas foron atendidas durante o ano 2024 , 54 homes e 42 foron mulleres "



2 persoas

realizaron o noso tratamento de terapias intensivas, 1 home por TCE e 1 muller por tumor e ictus"



Dentro da área de logopedia atendéronse a 74 persoas das cales 51 sufriran un ICTUS"



111 persoas atendéronse desde fisioterapia, as causas foron nun 77% ICTUS e 8% TCE"



44 persoas beneficiáronse do servizo de transporte adaptado no 2024".




Dano Cerebral Estatal está composta por 46 entidades de familias e persoas con dano cerebral.

Estas entidades representan en conxunto a 12.000 persoas, das que, máis do 50%, están afectadas por DCA

A nivel galego, formamos parte de Dano Cerebral Galicia composta polas 5 asociacións de atención ao Dano Cerebral que hai en Galicia:

DANO CEREBRAL A CORUÑA
DANO CEREBRAL LUGO
ALENTO (Vigo)
DCA OURENSE
DANO CEREBRAL SANTIAGO DE COMPOSTELA





ACTO DE COLOCACIÓN DA PRIMEIRA PEDRA DO NOVO CENTRO DE EIRIS

No 2024 A Coruña deu un paso decisivo cara ao novo Centro de Atención ao Dano Cerebral

Demos un paso máis cara á construción dun soño que cada día está máis preto de facerse realidade: o novo Centro de Atención ao Dano Cerebral en A Coruña. Un proxecto ilusionante que busca ofrecer unha resposta integral e especializada ás persoas afectadas por dano cerebral adquirido, así como ás súas familias, dentro da área sanitaria da Coruña-Cee.

Durante a mañá do 2 de outubro celebrouse un emotivo acto simbólico de colocación da primeira pedra, que contou coa presenza de representantes institucionais, entidades privadas, profesionais do ámbito sociosanitario e persoas vinculadas á causa. Un xesto cargado de simbolismo que marca o inicio dunha etapa chea de esperanza, compromiso e traballo colectivo.

Dende a asociación, queremos expresar o noso agradecemento máis sincero a todos os organismos públicos, empresas privadas e a cada unha das persoas que nos acompañaron neste día tan especial. Sen o voso apoio incondicional, sen o esforzo compartido e a ilusión que nos move, este centro non sería posible.

O novo espazo nace coa vontade de converterse nun referente na atención ao dano cerebral, proporcionando coidados individualizados, rehabilitación especializada e acompañamento constante tanto aos pacientes coma ás súas familias. Será un lugar de acollida, respecto e dignidade, onde cada persoa poderá comezar un novo camiño na súa recuperación.

Non só colocamos unha pedra, senón que asentamos os cimentos dun futuro máis xusto e humano para moitas persoas. E facémolo coa convicción de que, paso a paso, entre todos e todas, este soño compartido converterase en realidade.

Seguimos avanzando. Xuntos faremos posible este gran proxecto





OBRA DE TEATRO

O noso grupo de teatro “Neurotol@s”, demostrou que a arte escénica é unha poderosa ferramenta de inclusión e expresión. Composto por persoas con e sen discapacidade, o grupo ofreceu un espectáculo con humor, emoción e reflexión, conseguindo conectar co público.

Baixo a dirección da actriz e profesora Victoria Teijeiro, os ensaios convértense nun espazo de creatividade, aprendizaxe e convivencia. Ao longo de máis dun ano de traballo, os 15 intérpretes prepararon a obra con ilusión e compromiso, rompendo estereotipos e reivindicando o valor do teatro como medio de transformación social.

O éxito de “Neurotol@s” é unha mostra máis de que a diversidade suma e de que o talento non entende de límites.



DÍA NACIONAL DO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO


Como cada 26 de Outubro, celebramos o Día Nacional do Dano Cerebral Adquirido. DANO CEREBRAL ESTATAL da que formamos parte, incide na necesidade de que o medio millón de persoas con Dano Cerebral que reside en España, poidan usar os recursos públicos igual que o resto das persoas. Este ano centramos maior atención á accesibilidade cognitiva que serve para que todas as persoas podamos comprender o mundo que nos rodea

O Dano Cerebral, adoita afectar a nosa capacidade de comprende, por iso vemos moi difíciles de utilizar aqueles recursos e ferramentas que antes formaban parte do noso día a día.



Dentro das actividades que realizamos foron, a lectura do manifesto da man do noso presidente Juan Luís Delgado acompañado das persoas usuarias e os seus familiares, autoridades, asociacións e fundacións da nosa contorna.

Tamén se iluminaron de azul, cor identificativa desta discapacidade, monumentos e edificios da cidade e da comarca




Lectura do manifesto na Praza de María Pita acompañados das autoridades locais. O remate do acto fixemos un sorteo moi especial grazas a colaboración do Deportivo de A Coruña, Leyma Basquet Coruña e o HC Liceo que nos deixaron unas camisetas dos equipos firmadas polos seus xogadores.



"CARREIRA E ANDAINA"


Con motivo do DÍA NACIONAL DO DANO CEREBRAL, fixemos unha marcha solidaria dende a praza de María Pita, con modalidade de carreira ata a Torre de Hércules e de andaina ata o Castelo de San Antón.



SARDIÑADA

O 21 de xuño, celebramos unha sardiñada especial para as persoas socias, profesionais, usuarias e familiares de Dano Cerebral A Coruña. Este evento tivo lugar no Centro Cultural O Noso Lar gracias a amable cesion do Concello de Culleredo. O evento estivo amenizado coa música en directo de Erik Lepeich quen quiso colaborar tamén neste día tan especial.

Ademais de ser unha ocasión para gozar de boa comida e compañía. Queremos expresar o noso profundo agradecemento a todas a persoas e entidades que colaboraron para facer posible este día memorable, incluíndo a Mariscos Fernández, Trebopan, Ecousos, ASV Eventos, Estrela Galicia e Gadis. A vosa xenerosidade e apoio cara ao Dano Cerebral son invaluable.



SAÍDA DE OCIO A FISTERRA

No mes de xullo, persoas usuarias, familiares e profesionais de Dano Cerebral A Coruña desfrutamos dunha fantástica excursión a Fisterra. O bo tempo acompañounos e permitiunos gozar de todas as actividades previstas.

Comezamos cun paseo polo porto e a lonxa, seguido dunha visita ao Museo da Pesca, onde aprendemos sobre a historia mariñeira da vila.

Logo, saboreamos un delicioso xantar no Restaurante OcaInsua.

Rematamos a xornada no Faro de Fisterra, cunhas vistas impresionantes do Atlántico. Un día cheo de boas experiencias e grandes recordos!




EVENTOS SOLIDARIOS A FAVOR DE DANO CEREBRAL A CORUÑA

Éxito absoluto do Circuito Solidario da Peña Glu Glu en beneficio de Dano Cerebral A Coruña.

Toda a recadación foi destinada a mellorar os servizos e programas de apoio ás persoas con dano cerebral na Coruña e as súas familias. Isto inclúe a realización de terapias, talleres, actividades de lecer.




As pistas de O Carregal, en Betanzos, acolleron o I Dogbull Show, un evento que resultou ser un éxito total. Centos de afeccionados e adestradores caninos chegados de toda España e Portugal participaron nesta cita organizada polo International Bully Kennel Club. A recadación da caixa solidaria foi doada integramente a Dano Cerebral A Coruña en apoio ás persoas con dano cerebral adquirido.



COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A través da Facultade de Fisioterapia, Yuri Alejandra Narváez Bedoya, estudante estranxeira do Máster en Discapacidade da Universidad Autónoma de Manizales (Colombia), realizou as súas prácticas na nosa asociación.

Esta colaboración enmárcase dentro do seu proxecto inicial para o programa académico, no que foi preciso cumprir cos obxectivos do seu plan de estudos mediante unha estancia práctica dunha duración de tres semanas.



PRESENTACIÓN DA PLATAFORMA CUIDACONTIC



O proxecto “TechQoL4Carers”, coordinado polos grupos TALIONIS e LIA2 do CITIC da Universidade da Coruña, presentou “Cuidacontic”, unha innovadora plataforma que busca mellorar a calidade de vida das persoas coidadoras. A ferramenta promove o equilibrio ocupacional, a autoxestión da saúde e o empoderamento deste colectivo. No acto de presentación mostráronse os primeiros resultados e realizouse unha demostración en vivo.



No marco do proxecto “TechQoL4Carers”, desde a nosa asociación organizamos unha charla informativa dirixida ás persoas coidadoras. Nela, presentouse a plataforma “Cuidacontic” e explicáronse os seus beneficios para o benestar e a autoxestión das coidadoras. A actividade serviu para achegar esta innovadora ferramenta tecnolóxica á realidade cotiá das persoas coidadoras.

El Ideal Gallego

02/10/2024 08:00



Una piedra que vale un millón

La recaudación de un mercadillo promovido por los trabajadores de Inditex permite la construcción en una parcela municipal de Eirís de un centro de rehabilitación de la Asociación de Daño Cerebral Adquirido.

El Gobierno local ofrecerá a los vecinos de la ciudad un servicio de asistencia sobre el alquiler para paliar el acceso a la vivienda.

Punchin
Burgués y Tostes • Puntito de Café
Burgués y Tostes • Puntito de Café

La ruta a Lameiro no figura en la oferta de Viajes a partir de marzo

Las Medallas Pardo Basan premian a la presidenta de las Amas de Casa, Rosa Otero

El Gobierno local ofrecerá a los vecinos de la ciudad un servicio de asistencia sobre el alquiler para paliar el acceso a la vivienda.

Adaceco coloca la primera piedra del futuro centro integral terapéutico en Eirís

El edificio se levantará en una parcela municipal donada a la entidad en Eirís. Con capacidad para 40 plazas, abrirá a finales de 2026, según la previsión de Adaceco



Isabel Bravo | Radio Coruña | 02/10/2024 - 14:59 CEST

Adaceco inicia su centro de día en A Coruña, con capacidad para 40 personas

Todas las administraciones expresan su compromiso de seguir prestando apoyo a la entidad que presta asistencia a los pacientes con daño cerebral adquirido



El presidente de Adaceco, Juan Luis Delgado, entrega la urna que se colocó en la primera piedra del centr...

Adaceco pone la primera piedra de su futuro centro de Día en Eirís, gracias al Concello y al millón de euros recaudados en Inditex

Adaceco, Asociación de Daño Cerebral da Coruña puso la primera piedra para el futuro centro de día que van a construir. Gracias, por una parte a la donación del Concello, que les ha dado el terreno. Y otra donación fundamental es la de los empleados de Inditex, que recaudaron un millón de euros en un mercadillo solidario las pasadas navidades.

Alberto Gómez Barro
A Coruña | 02/10/2024 14:14

Comezan as obras do novo centro integral de rehabilitación de Adaceco

02 de Outubro de 2024

A deputada delegada de Educación e Mocidade, Yoya Neira, asistiu ao acto de colocación da primeira pedra



A Coruña contará en 2026 con un centro de día y atención ambulatoria para personas con daño cerebral



A Coruña

Empleados de Inditex cumplen el sueño de Adaceco: A Coruña tendrá un centro de daño cerebral

Lo recaudado en el mercadillo de Navidad del gigante textil subvencionará la mitad del proyecto: cerca de un millón de euros

REDACCIÓN QUINCENIL | 19:45 - 8/3/2024



A Coruña da luz verde ao estudo de detalle para a construción do centro de Día de Adaceco en Eirís

A nova instalación de Adaceco, que se construír nunha parcela cunha superficie de case 2.000 metros cadrados, terá unha planta baixa e dúas alturas



A Coruña se mueve en apoyo de los "loitadores incansables" de Adaceco

La ciudad se volvió por diferentes motivos por la celebración del Día Nacional del Daño Cerebral Adquirido.



Adaceco visibiliza en A Coruña la lucha diaria de afectados por daño cerebral y sus familias

En el Día Nacional del Daño Cerebral se ha celebrado en la ciudad una jornada de sensibilización y apoyo a afectados por daño cerebral adquirido



Coruñeses con daño cerebral adquirido: «En un segundo te cambia la vida»

En el Día nacional del DCA, dos afectados de A Coruña comparten cómo es su día a día para visibilizar una discapacidad que afecta a más de 35.000 gallegos y reivindicar la labor de asociaciones como Adaceco



Javier Gilsanz, en la plaza de España. | CARLOS PARDELLAS

Adaceco coloca, al fin, la primera piedra de su centro de día en Eirís: «Lo hicimos porque sabíamos que no era imposible»

R. DOMÍNGUEZ | A CORUÑA | LA VOZ



A Coruña tendrá en 2026 un centro de día y atención ambulatoria para personas con daño cerebral

Representantes de la asociación que agrupa a pacientes y administraciones colocaron la primera piedra del edificio, en Eirís

2 octubre, 2024 - 15:22



Belén do Campo destaca la labor de Adaceco en la atención a personas con daño cerebral adquirido

La delegada de la Xunta en A Coruña participó en el acto de colocación de la primera piedra del nuevo Centro Integral de Rehabilitación de la Asociación de Daño Cerebral de A Coruña



Betanzos acoge un Dogbull Show para recaudar fondos para Adaceco

LA VOZ



La cita será este sábado en las pistas polideportivas de O Carregal

26 abr 2024 Actualizado a las 13:34 h.

Adaceco visibiliza en A Coruña la lucha diaria de afectados por daño cerebral y sus familias

En el Día Nacional del Daño Cerebral se ha celebrado en la ciudad una jornada de sensibilización y apoyo a afectados por daño cerebral adquirido

A Coruña



Caminata de Adaceco por el Día del Daño Cerebral | Javier Albornoz

Adaceco obtiene licencia para su nuevo centro en A Coruña

D. GARCÍA | A Coruña | La Voz

bajadores recaudaron un millón de euros para la compra de productos del grupo | La ción de Daño Cerebral financiará el resto de del edificio, presupuestado en dos s, con un crédito bancario



Imagen virtual del nuevo centro de día proyectado por el equipo original.

Estreno del grupo teatral de Adaceco en Culleredo



A nivel organizativo, distínguese entre a dirección e o equipo de traballo interdisciplinar.

A Dirección encárgase de liderar o equipo profesional que leva a cabo a atención directa e a prestación de servizos.es o punto de ligazón entre a Xunta Directiva e o equipo profesional.

O equipo de traballo é o encargado da atención directa, trátase dun equipo interdisciplinar formado por neuropsicólogas, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadora social, aux.de enfermmería, técnica de animación sociocultural, educadora social, condutores e persoal de comunicación e recepción

Ademais da organización e equipo técnico, tamén contamos con 1 persoa voluntaria que participaron nas nosas actividades e servizos ao longo do 2023.

35


PROFESIONAIS DE
DIVERSAS DISCIPLINAS
TRABALLARON EN DANO
CEREBRAL A CORUÑA
DURANTE 2024

218

PERSONAS AFECTADAS FORON ATENDIDAS O ANO
PASADO DAS CALES 131 FORON HOMES E 87 FORON
MULLERES. A MEDIA DE IDADE FOI DE 61 ANOS



As persoas socias son a razón de ser de DANO CEREBRAL A CORUÑA. Ao redor diso, viran os servizos e actividades realizadas. Durante o ano 2024 contamos con 535 socios/as, dos cales 332 son afectados por DCA, 145 son familiares, 45 son colaboradores e 13 son empresas



Das principais causas de dano cerebral das persoas socias afectadas, destacamos que o 68% é por mor dun ICTUS, o 10% foi traumatismo cranioencefálico, o 5% foi por tumor cerebral e o 17% restante foi por outras causas.

INGRESOS

ORGANISMOS PÚBLICOS 233.103

XUNTA DE GALICIA
DIPUTACIÓN
AYUNTAMIENTOS

SUBVENCIONES 19.267

DONATIVOS 11.353

INGRESOS
FINANCIEROS 7.744

INGRESOS PROPIOS 590.925

CUOTAS TERAPIAS 544.263

CUOTAS SOCIOS 46.672

PÉRDIDAS 28.177

TOTAL 890.569

GASTOS

GASTOS DE PERSOAL 697.544

SERV. EXTERNOS
EXPECIALIZADOS 154.392

APROVISIONAMIENTO
TRANSPORTE 9.906

GASTOS FINANCIEROS 1.383

AMORTIZACIONES 27.344

ALUGUER LOCAL
TRIBUTOS

TOTAL 890.569



2024

MEMORIA

ASOCIACIÓN DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

CONVENIOS DE COLABORACIÓN



Convenio polo que ambas as entidades prestan apoio na difusión e execución de actividades no ámbito da educación sanitaria



Convenio relativo a condicións especiais no Servizo de Teleasistencia domiciliaria para os nosos asociados/as



Plan estratéxico de comunicación e difusión



Convenio relativo a intervención asistida con cabalos.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Convenio de realización de prácticas académicas externas curriculares para estudantes da facultade de Ciencias da Educación



Convenio de realización de prácticas externas de alumnado procedente das titulacións da Facultade de Psicoloxía



COTOGA
COLEGIO OFICIAL DE TERAPEUTAS OCUPACIONALES DE GALICIA

Convenio polo que ambas as entidades prestan apoio na difusión e execución de actividades.



Colegio Profesional de Logopedas de Galicia

Convenio polo que ambas as entidades prestan apoio na difusión e execución de actividades.



FUNDACIÓN ADCAI

Convenio de colaboración en terapias rehabilitadoras para nenos con DCA

ENTIDADES COLABORADORAS



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Deputación DA CORUÑA



CULLEREDO
CONCELLO




Fundación
María José Jove



CONCELLO DE
OLEIROS

EMPRESAS COLABORADORAS



frenoscoruña



JAC

la familia
servicios sociales



- PROCAR RECAMBIOS
- CAO CALVO S.A.
- THERMOPOLIUM S.L.
- ABOGADO ADRIÁN VILLAR
- TEINNOVA INTERIORISMO S.L.